



CARTA DE CIDADANÍA PARA A INFANCIA CONCELLO DE VIGO

I. FUNDAMENTOS

Os nenos e nenas non son só os adultos do futuro; son os nenos do presente, os cidadáns do presente, e como tales teñen dereitos e liberdades, e, a medida que se vaian facendo maiores, terán tamén o deber de exercelos e reclamarlos cando estean a ser vulnerados. Para que os nenos e nenas cheguen a comportarse como auténticos cidadáns, temos antes que introducilos no exercicio da cidadanía.

Para iso é necesario que familias e administración local sumemos e coordinemos esforzos, porque a nosa sociedade necesita que todos os seus actores asuman un papel protagonista na construción e desenvolvemento da vida cotiá do noso municipio. É a nosa obrigaón respectar os dereitos fundamentais de todos e todas, en todas as etapas da vida. polo que apostamos decididamente pola creación de novas canles de participación e pola formación dos nosos cidadáns, pais, nais, fillas e fillos, nos coñecementos e competencias necesarias para actuar como tales.

II. OBXECTIVO

Se queremos construír unha cidade para todos, debemos considerar aos nenos e nenas como cidadáns de pleno dereito. O outorgamento dunha Carta de Cidadanía para a Infancia é un acto de benvida á comunidade, no que se lles recoñece aos nenos e nenas empadroados en Vigo, ser cidadáns/ás de pleno dereito e membros da comunidade.

Daquela, marcamos como obxectivo que desde esta Administración Local se promovan os apoios e instrumentos que garantan os Dereitos da infancia, desde o primeiro momento en que se chega a formar parte do corpo social da nosa cidade.

Para este fin, o Concello de Vigo, coa colaboración e o apoio das familias que así o soliciten, comprométese ao outorgamento e cumprimento das "CARTAS DE CIDADANÍA PARA A INFANCIA".

III. NORMATIVA DE REFERENCIA

ONU: Convención dos Dereitos do neno e da nena.

Capítulo I. Artigo 3. Do interese superior.

1. En todas as medidas concernentes á infancia que tomen as institucións públicas ou privadas de benestar social, os tribunais, as autoridades administrativas ou os órganos legislativos, responderán, como consideración primordial, ao interese superior do neno e da nena.

2. Os Estados Parte comprométese a asegurarlles a protección e o coidado que sexan necesarios para o seu benestar; tendo en conta os dereitos e deberes dos seus proxenitores, titores ou outras persoas responsables deles ante a lei e, con ese fin,

tomarán todas as medidas lexislativas e administrativas adecuadas.

3. Os Estados Parte aseguranse de que as institucións, servizos e establecementos encargados do coidado e/ou a protección da infancia cumpran as normas establecidas polas autoridades competentes, especialmente en materia de seguridade, sanidade, número e competencia do seu persoal, así como en relación a existencia dunha supervisión adecuada.

Capítulo III. Da familia

Artigo 5 da Convención dos Dereitos do Neno e da Nena. Dirección e orientación de pais e nais.

Os Estados Parte respectarán as responsabilidades, os dereitos e os deberes dos pais ou, no seu caso, dos membros da familia ampliada ou da comunidade, segundo estableza o costume local, dos titores ou outras persoas encargadas legalmente, de impartirle, en consonancia coa avaliación das súas facultades, dirección e orientación apropiadas para que podan exercer os dereitos recoñecidos na presente Convención.

Artigo 18 da Convención dos Dereitos do Neno e da Nena. Responsabilidade de pais e nais.

1. Os Estados Parte poñerán o máximo empeño en garantir o recoñecemento do principio de que ambos os pais teñen obrigacións comúns no que respecta á crianza e o desenvolvemento do neno e da nena. Incumbirá aos pais ou, no seu caso, aos representantes legais a responsabilidade primordial de crianza e o desenvolvemento do neno. A súa preocupación fundamental será o interese superior do neno.

2. Para os efectos de garantir e promover os dereitos enunciados na presente Convención, os Estados Parte prestarán a asistencia apropiada aos pais e aos representantes legais para o desempeño das súas funcións no que respecta á crianza do neno e velarán pola creación de institucións, instalacións e servizos para o coidado dos nenos.

3. Os Estados Parte adoptarán todas as medidas apropiadas para que os nenos cuxos pais traballan teñan dereito a beneficiarse dos servizos e instalacións de garda de nenos para os que reúnan as condicións requiridas.

Capítulo IV. Difusión dos dereitos do neno e da nena.

Artigo 42 da Convención dos Dereitos do Neno e da Nena. Aplicación e entrada en vigor.

Os Estados Parte comprométese a dar a coñecer amplamente os principios e disposicións da Convención por medios eficaces e apropiados, tanto aos adultos como aos nenos e nenas.

IV. 1. Carta de Cidadanía para a Infancia

IV.1.1. Preámbulo

O recoñecemento dos nenos e nenas como suxeitos con dereitos específicos, derivados da condición de cidadanía, con carácter civil e laico, poderá quedar de manifesto mediante o compromiso de nais, pais, e responsables legais, así como do propio Concello, para defender a súa condición de cidadáns libres e iguais, en dereitos e deberes.

O Concello de Vigo ten en conta, para esta prerrogativa, os Dereitos do Neno e da Nena recollidos, por primeira vez, na Declaración de Xenebra de 1924, e consolidados coa aprobación en 1989 da “Convención dos Dereitos do Neno e da Nena” das Nacións Unidas”.

A infancia pasou de ser obxecto de protección para pasar a ser suxeito de pleno dereito. Os países que ratificamos esta Convención, nos comprometemos cos principios que a inspiraron, convencidos de que é unha ferramenta moi axeitada para incrementar a conciencia social a prol da infancia.

España ratificou a Convención en 1990 e, desde aquela, a atención á infancia vense prestando por Ministerios e Consellerías autonómicas (Educación, Sanidade, Xusticia, Asuntos sociais...) desde os ámbitos da prevención, protección, educación, desenvolvemento, co fin de garantirlles todos os seus dereitos de cidadanía.

En paralelo, desde o ámbito municipal, os Concellos, como administración máis próxima, ven ofrecendo á cidadanía unha maior prestación de servizos, e así acontece tamén coa infancia. Somos, de feito, un lugar de encontro e satisfacción dos intereses cidadáns e a nosa potencialidade faise evidente no relativo a participación, xestión e disfrute nas diferente áreas da produción, educación, cultura e ocio.

Os concellos podemos, e debemos ser, tamén, ámbitos esenciais de colaboración en políticas para a infancia, con énfase especial na participación das nena e das nenas, destinatarios finais de plans e programas.

Dando resposta ao previsto pola Convención, recoñecemos a obriga, baixo as leis internacionais, de asegurar que o interese superior da infancia sexa unha consideración prioritaria en todas as accións que lle atinxen, sendo, ademais, un dos sectores sociais máis necesitado de atención, que ten no municipio o referente máis próximo para crecer, desenvolverse e integrarse socialmente.

IV.1.2. Principios xerais

A concepción do neno e a nena enténdese como suxeito de pleno dereito, como futuro suxeito activo da transformación das súas cidades. Non só receptores pasivos da protección dos adultos, senón que serán considerados como axentes imprescindibles no camiño cara ao aprofundamento da democracia participativa a medida que se van desenvolvendo co crecemento, sumando á acción educadora do ámbito familiar e do propio sistema educativo, os recursos de que dispón a xestión municipal.

Como calquera outro colectivo, os nenos e nenas recibirán por parte das institucións, unha clara resposta ás súas demandas e a atención precisa para que vaian tomando conciencia dos seus deberes cara á sociedade, de xeito que se adestren nunha experiencia democrática que alcance unha concepción do municipio como algo que construímos entre todos e todas e non só os representantes políticos.

A atención á infancia debe formar parte das prioridades das políticas municipais, e debe ir dirixida a facilitar todos os medios posibles para facer progresar o benestar dos nenos e nenas e a creación dunha contorna favorable ao seu desenvolvemento, para que sexan axudados dunha maneira máis efectiva e tamén máis respectados e considerados dentro da súa comunidade.

Terá especial interese a difusión da Convención das Nacións Unidas sobre os Dereitos do Neno e da Nena, entre a infancia e os adultos, para unha maior sensibilización social nesa materia, que asegure a protección dos nenos e nenas, o cumprimento dos seus dereitos humanos, a necesaria satisfacción das súas necesidades como persoas e a

forma de dar cumprimento ao artigo 42, da Convención das Nacións Unidas.

IV.1.3. Procedemento

Para o seu desenvolvemento, actuará como oficiante o Alcalde ou un/ha concelleiro/a delegado/a, como representación do Concello. Durante o mesmo, outorgarase a Carta de Cidadanía da Infancia, para o neno ou a nena de que se trate, como declaración de intencións en defensa dos Dereitos da Infancia do Concello de Vigo.

Este acto poderá ser solicitado pola nai, o pai ou persoas responsables legais do neno/a. Para realizar este acto é preciso facer unha solicitude vía Rexistro Xeral ao Concello de Vigo, cun mínimo de dez días antes da data na que se desexa celebrar.

O Concello estipula que as datas destinadas para este acto será en sábado, salvo circunstancias excepcionais suficientemente acreditadas. O lugar para levalo a cabo será, con carácter xeral, o Pazo-Museo Quiñones de León.

A cerimonia contará cos mesmos medios que as vodas civís e seguirá un protocolo axeitado para o fin que se persigue.

IV.1.4. Contido Carta de Cidadanía

**CARTA DE
CIDADANÍA
DE VIGO**

Outorgada polo Alcalde
Abel Caballero Álvarez
no nome do Concello de Vigo.

Neste acto preséntase a _____ á comunidade,
faise público o compromiso de educalo e crialo en valores éticos, de igualdade e xustiza social, garantindo
a súa seguridade e o seu dereito inalienable a vivir en condicións de liberdade e dignidade.

Recibimos públicamente a _____, nacido/a en Vigo
dándolle a benvída á cidade de Vigo, como membro activo da mesma, desexándolle prosperidade
no seu desenvolvemento persoal e que o acompañen sempre os valores cívicos de dignidade que desexamos
para a súa educación.

Este é un acto de recoñecemento público de cidadanía.
Categoría que se adquire ao nacer e que hoxe facemos aquí público.

O Alcalde Nai Pai

Vigo, a ____ de _____ de 201__